



- |                      |
|----------------------|
| 1. ACERTADAS_____    |
| 2. ERRADAS_____      |
| 3. SEN RESPONSA_____ |

**CUALIFICACIÓN**

**NON POÑER NOME NIN APELIDOS. INCLUIR O EXAME NO SOBRE ADXUNTO E PECHALO.**

**-INSTRUCCIÓN PARA CONTESTAR O SUPOSTO PRÁCTICO TIPO TEST: :**

1. Co obxecto de garantir o anonimato **eliminaranse os exames** que conteñan calquera dato que permita a identificación do/a aspirante. (Nome e apelido, sinatura...etc)
2. O tempo de realización é de **60 MINUTOS.**
3. Sinalar a opción que estime correcta (**soamente unha**) entre as que se propoñen cun círculo á esquerda da pregunta e con bolígrafo azul.
4. Se despois de marcar unha resposta e antes de acabar o exercicio decide cambiala, **deberá marcar claramente a opción definitiva** xa que, en caso de dúbida, considerarase contestada erróneamente.
5. As respostas incorrectas non penalizarán.
6. Para superar o exercicio deberá conseguir un mínimo de **5 puntos.**
7. As cualificacións publicaranse na páxina web ([www.redondela.gal](http://www.redondela.gal)) e no taboleiro de anuncios do Concello.



**1. Que *signatura* topográfica correspondería á obra “El hobbit” de J.R.R. Tolkien na biblioteca de Redondela?**

- a) N TOL el
- b) N TOL elh
- c) N TOL hob

**2. Que clasificación da CDU correspondería aos libros de historia?**

- a) 94
- b) 91
- c) 552

**3. En que sección da biblioteca de Redondela tería que buscar esta obra?**

RD-P  
SEM  
cas

- a) Fondo Local
- b) Teatro
- c) Poesía

**4. Na biblioteca de Redondela, que nos indica esta *signatura*?**

CN  
DOC  
tea

- a) Que o documento é un cómic
- b) Que o documento é un audiovisual e un documental
- c) Que o documento é un audiovisual cuxo director ten un apelido que comeza por DOC e o título da película comeza por tea

**5. Un usuario pretende reservar un libro desde a súa conta persoal do programa de xestión bibliotecaria Koha e non lle é posible, cal pode ser o motivo?**

- a) O libro que pretende reservar está prestado e cunha reserva pendente
- b) O libro que pretende reservar está prestado
- c) O libro que pretende reservar está dispoñible en sala

**6. Escolla a ordenación correcta das seguintes *signaturas*:**

- 1. N LAR pai
- 2. N CHR die
- 3. N CHR tre
- 4. N ZWE vei
- 5. N DIC mis
- 6. N PUZ pad
- 7. N BOY niñ
- 8. N PAR cue



- a) 7-2-3-5-1-8-6-4
- b) 3-2-7-1-5-6-8-4
- c) 2-3-5-7-8-6-4-1

**7. Escolla a ordenación correcta dos seguintes títulos:**

- 1) Y no quedó ninguno
- 2) Un amor
- 3) ¡Fuera pañales!
- 4) ¿Por qué?
- 5) 248 funerales y un perro extraordinario
- 6) Jane Eyre

- a) 3-6-2-4-1-5
- b) 5-2-3-6-4-1
- c) 2-5-3-6-4-1

**8. Cal é a ordenación correcta das seguintes *signaturas*?**

- 1. 338.1 ESP
- 2. 338.2(85) EST
- 3. 338.1(460) MAR
- 4. 338(729.2) IMP
- 5. 338(468.2)HER

- a) 5-4-1-3-2
- b) 1-4-3-2-5
- c) 4-1-2-3-5

**9.- Un usuario da biblioteca de Chapela, que se xestiona polo programa Koha, quere reservar un libro da Biblioteca P. M. Xosé Neira Vilas de Vigo**

- a) Non pode, só pode reservar documentos da biblioteca na que está inscrito
- b) Pode realizar a reserva, pero debe recoller o libro na biblioteca Neira Vilas
- c) Ten que desplazarse á biblioteca Neira Vilas para realizar a reserva

**10. Un usuario quere tomar en préstamo un libro na biblioteca de Redondela co carné da Biblioteca Pública Juan Compañel de Vigo**

- a) Non pode, deberá ter o carné da Biblioteca de Redondela
- b) Si, pode facelo
- c) Só é posible tras cubrir un impreso de autorización



PREGUNTA	RESPOSTA
1	C
2	A
3	A
4	B
5	C
6	A
7	B
8	A
9	B
10	B